



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

CONVOCATORIAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Ao longo do mes de maio está prevista a convocatoria de diversas accións de innovación educativa: plan PROA, plan de autoavaliación e mellora da calidade da educación, plan Valora, proxectos TIC, proxectos de innovación en normaliza-

ción lingüística, seccións bilingües, programa PALE, plan de anticipación, plan de mellora de bibliotecas escolares, inmersión lingüística en primaria, inmersión lingüística en secundaria e bacharelato, premios á innovación educativa, pre-

mios en valores democráticos 2007, premios TIC 2007 e premios de enerxías renovables 2007.

[Máis información](#)

POTENCIACIÓN DO ENSINO EN LINGUA GALEGA NA EDUCACIÓN INFANTIL

Convocatoria de accións de innovación educativa para desenvolver no curso 2007-2008, para a potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil (3-6 anos). Con esta iniciativa preténdese garantir os de-

reitos lingüísticos do alumnado galegofalante e dar resposta á petición das familias de que os seus fillos e fillas reciban o ensino en lingua galega aínda que o idioma materno

maioritario no contorno do centro sexa o castelán.

MARÍA MARIÑO. DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2007

No mes das Letras Galegas 2007 publícanse dous novos recursos para os niveis de educación infantil e primaria elaborados por profesorado galego e postos a disposición da comunidade educativa a través do Portal de Contidos. Trátase das

[actividades](#) do Seminario Galán de Formación Permanente e dunha [animación flash](#) sobre a vida e a obra de María Mariño.



VOLUNTARIADO

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, en colaboración co Servicio Galego do Voluntariado, está a celebrar un ciclo de conferencias destinadas á difusión e ao coñecemento de accións

relativas ao voluntariado. Carlos Alberto Torres Novoa, que foi director fundador do Instituto Paulo Freire en Brasil e en Argentina, presentará na súa conferencia a filosofía educativa desta escola e o seu desen-

vovemento en América Latina.

[Máis información](#)

Contido:

Convocatorias de innovación educativa	1
Potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil	1
María Mariño. Día das letras galegas 2007	1
Voluntariado	1
Concurso de tradución	2
Axudas para Honduras	2

CONCURSO DE TRADUCCIÓN

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



No contexto do 50º aniversario da Unión Europea, a Comisión Europea organiza un acontecemento para que os mozos poidan descubrir a actividade lingüística da tradución. Desenvólvese o 4 de outubro nos 27 estados membros da Unión

Europea. Os 27 mellores tradutores serán premiados cun diploma e unha viaxe de dous días a Bruxelas.

[Máis información](#)



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



A Fundación SEUR e M80 Radio do grupo Prisa están a desenvolver un programa para obter materiais escolares cos que cubrir as necesidades de 2.606 centros educativos de Honduras. Con estes proxectos preténdese beneficiar a 209.000

nenos. Necesítanse: mochilas, cadernos, bolígrafos, rotuladores, pegamento, dicionarios de peto, regras, lapis, borradores e afialapis. As doazóns poden entregarse en calquera oficina de SEUR e M80 radio do grupo Prisa, onde se recollerán

diariamente e de forma gratuíta. A campaña finalizará o 20 de maio.

[Máis información](#)

Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	
RESERVA DE BIENESTAR SOCIAL	BIENESTAR
COMUNICACIÓN	COMUNICACIÓN
COMUNICACIÓN	COMUNICACIÓN

Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

